CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS, A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL, A AXENCIA DA PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA NO MARCO DO PROXECTOTERRA.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, a Sra. María Martínez Allegue, conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, actuando no exercicio do seu cargo, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril (*Diario Oficial de Galicia* núm. 73, do 14 de abril) e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, o Sr. Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, actuando no exercicio do seu cargo, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril (*Diario Oficial de Galicia* núm. 73, do 14 de abril) e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia

Doutra parte, a Sra. María Victoria Núñez López, directora da Axencia de Protección da Legalidade de Protección Urbanística, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 18 g) do Decreto 213/2007, do 31 de outubro, polo que se aproban os Estatutos da Axencia de Protección da Legalidade de Protección Urbanística, logo de autorización do seu Consello Executivo.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
A CONSELLEIRA

E doutra, o Sr. Luciano González Alfaya, na súa condición de Decano-Presidente do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 11 dos Estatutos Xerais dos colexios de arquitectos e do seu Consello superior, aprobados polo Real Decreto 129/2018, do 16 de marzo, polo que se aproban os Estatutos Xerais dos Colexios de Arquitectos e de seu Consello Superior (*Boletín Oficial del Estado* núm. 89, do 12 de abril de 2018) e o artigo 38 a) do Decreto 105/2016 polo que se aproban os Estatutos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (DOG núm. 153, do 12 de agosto).

As partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

I.- Que é de interese común das partes actuar de forma coordinada para a realización de traballos que permitan un maior coñecemento, interese e importancia da incidencia sobre o territorio da actividade humana, no ánimo de acadar unha mellor e maior implicación da cidadanía na calidade da construción dos espazos que habitamos ao servizo dunha mellor calidade de vida, e incidindo nun mellor coñecemento e respecto da nosa ordenación urbanística, paisaxe e territorio.

II.- A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, exerce as competencias de dirección e coordinación das actuacións en materia de ordenación do territorio e urbanismo, exercendo, entre outras, funcións de:

- Definición, programación e execución da política de ordenación do territorio e urbanismo da Xunta de Galicia, así como a elaboración das disposicións que procedan.
- Elaboración de plans, proxectos, estudios e instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo.
- Fomento do planeamento e da actividade urbanística.
- Control do uso do solo, fomentando a utilización racional e ordenada do noso territorio, mediante as actuacións de disciplina urbanística.

III.- A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional exerce as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado e, no marco do *Plan Sinerxía*, favorece a colaboración entre os centros docentes, os distintos departamentos da Xunta de Galicia e as entidades colaboradoras para facilitar a integración nos centros de ensino non universitario de programas educativos que estean comprometidos cos ODS e que fomenten o papel activo do alumnado ante os desafíos sociais, económicos e medioambientais da sociedade actual e do futuro.

Enmarcado no *Plan Sinerxía* atópase "ProxectoTERRA", un proxecto interdisciplinar, competencial e colaborativo, dirixido ás distintas etapas educativas e orientado a mellorar no alumnado a percepción do hábitat humano desde a perspectiva da paisaxe, do territorio, do urbanismo, da arquitectura e do medio ambiente.

IV.- A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, creada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, está adscrita organicamente á

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
A CONSELLERA

Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, sendo un instrumento fundamental para velar pola utilización racional do solo conforme ao disposto na normativa reguladora do urbanismo, a ordenación do territorio e do litoral, especialmente no medio rural e na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre. Para cumprir este fin, ademais de exercer as competencias específicas en materia de disciplina urbanística e de costas, aposta decididamente pola divulgación, sensibilización, concienciación e a formación como instrumentos esenciais para concienciar no respecto polo noso territorio, posto que comprender a complexidade do territorio e da paisaxe e aprender dos elementos que a compoñen é fundamental para que as sociedades actual e futura realicen un uso responsable e sustentable do territorio.

V.- O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, de acordo cos seus estatutos asume, entre outras, funcións de asesoría e colaboración estable con diversos organismos e institucións coas que comparte obxectivos e intereses disciplinares, desenvolvendo un labor de cooperación na mellora da ensinanza e da investigación da arquitectura e do medio ambiente. Dentro deste ámbito funcional, coa finalidade de contribuír a que a arquitectura, o territorio e a paisaxe se perciban como piares básicos da nosa cultura, desde o ano 2000 está a desenvolver o «ProxectoTERRA», un proxecto que, en orixe, estivo integrado no Plan Proxecta da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e que, na actualidade, forma parte do *Plan Sinerxía*.

VI.- A relación entre o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e a Xunta de Galicia é permanente, xa que as competencias de intervención e ordenación territoriais, urbanísticas, de construción de vivendas, etc., son obxecto de proxectos da área de competencia do colectivo de arquitectos e arquitectas, o que implica a necesidade permanente de relación e colaboración coa Administración da Comunidade Autónoma. De xeito específico, desde o ano 2003 ata o momento actual a Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia mantiveron unha colaboración continuada no apoio á elaboración de materiais e actividades didácticas e labores de actualización do «Proxecto TERRA», coa finalidade de formar, difundir e ampliar os coñecementos da poboación escolar galega en temas relacionados coa ordenación, planificación e intervencións das actividades humanas sobre o territorio.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN INFRAESTRUTURAS
A CONSELLEIRA

Preténdese polo tanto, a través do presente acordo, continuar vinculando ámbalas dúas institucións, Xunta de Galicia e Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, na dirección e execución das actuacións obxecto do presente convenio, en aras dunha maior rendibilidade de esforzos no campo da formación en materia de ordenación e actuacións sobre o territorio, a vivenda e o dereito ao habitat.

Considerando todo o anterior, as partes manifestan a súa conformidade para formalizar o presente convenio que establece as condicións polas que se rexerá a cooperación entre a Xunta de Galicia e mailo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para ampliar, difundir e manter actualizados os contidos do «ProxectoTERRA» realizado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para dar continuidade ao traballo desenvolvido nas distintas etapas educativas, así como na formación á cidadanía en xeral, reforzando e consolidando a presenza do ProxectoTERRA, ao tempo que se abren novas liñas de actuación que permitan optimizar os recursos dispoñibles cara á mellor consecución dos obxectivos que se pretenden, realizando actividades de sensibilización, concienciación, formación e divulgación sobre os espazos e lugares que habitamos, a paisaxe e o dereito ao hábitat, conxugando a asistencia científica e técnica e o intercambio de experiencias con fins de formación e información interdisciplinares, coa finalidade de formar, difundir e ampliar os coñecementos da cidadanía, así coma das persoas técnicas e entidades competentes en temas relacionados coa ordenación, planificación e intervencións das actividades humanas sobre o territorio e a súa repercusión na conformación das paisaxes do presente e do futuro.

Para o cumprimento deste obxectivo establécese a seguinte programación de actuacións para os cursos académicos 2026-2027 e 2027-2028:

1.- Continuar co proceso de elaboración, revisión e actualización dos materiais e recursos educativos para a Educación Primaria e Secundaria baixo soporte papel e dixital, para a súa integración nas aulas a través das TIC e para chegalos á cidadanía en xeral a través de redes e medios de comunicación. Actualización e creación de materiais audiovisuais formativos e divulgativos do ProxectoTERRA tendo en conta a perspectiva de xénero, a Nova Bauhaus Europea e a Lei 9/2022, do 14 de xuño, de calidade da arquitectura.

O desenvolvemento do Proxecto Terra poderá incorporar materiais, recursos e contidos de carácter científico, técnico, didáctico ou divulgativo elaborados por profesionais no exercicio da súa actividade creativa e intelectual. A eventual incorporación destes recursos para as actuacións do ProxectoTERRA, valorarse e acordarase pola comisión de seguimento deste convenio.

2.- Continuar coa formación do profesorado para presentar os recursos educativos

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
A CONSELLEIRA

actualizados e os de nova creación elaborados para as distintas etapas educativas e sobre as diferentes temáticas que abrangue o proxecto (paisaxe e territorio, educación patrimonial, dereito ao hábitat, cartografías e deseño de espazos educativos), realizando cursos de formación incorporados no Plan Anual de Formación do profesorado da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O deseño das actividades formativas para o profesorado seguirá as directrices da Orde do 14 de maio de 2013, pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia e, de ser o caso, pola normativa que se dite en desenvolvemento do Decreto 75/2025, do 4 de agosto, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade autónoma de Galicia

As actuacións de formación do profesorado previstas no marco do ProxectoTERRA poderán contar coa colaboración de profesionais na dirección de seminarios, impartición de cursos, relatorios e outras actividades formativas destinadas ao profesorado das distintas etapas educativas para a presentación e difusión dos recursos educativos actualizados e de nova creación vinculados ao proxecto.

3.- Desenvolver as seguintes actividades complementarias dirixidas ás distintas etapas educativas, respectando as instrucións ditadas ao inicio de cada curso académico pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, da Consellería de Educación, Ciencia Universidades e Formación Profesional:

- Visitas guiadas de arquitectura e cidade para a Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

- Intercambios territoriais para a Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

- Actividades de asesoría e apoio a centros educativos de Educación Infantil, Primaria e Secundaria e Bacharelato en colaboración con talleristas e persoal específico a través dos obradoiros transdisciplinares para o alumnado.

- Actividade *"Eu son inspector@ urbanístic@. Coida do territorio. Coida do teu"* destinada aos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia que participen no ProxectoTERRA. (Educación Infantil, Primaria, Secundaria; Bacharelato; Ciclos formativos de Grao Básico e Medio; Centros de Educación Especial)

Esta actividade desenvolverase nun máximo de 30 centros educativos en cada curso académico. A convocatoria para participar na actividade será acordada entre o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística no seo da comisión de seguimento deste convenio e remitirase aos centros educativos

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
A CONSELLEIRA

unha vez que se resolva a convocatoria do *Plan Sinerxía*. A asignación realizarase por orde de entrada, con prioridade para os centros que participen en *Sinerxía* e para os que non participasen nesta actividade en edicións anteriores, procurando que sexa proporcional en todos os niveis educativos e equilibrada territorialmente.

Dentro da actividade "*Eu son inspector@ urbanístic@. Coida do territorio. Coida do teu*" a APLU desenvolverá accións formativas dirixidas ao profesorado dos centros educativos participantes nesta, que complementen as sesións dirixidas ao alumnado. Esta formación terá por finalidade proporcionar ao persoal docente o coñecemento dos contidos, da metodoloxía e dos recursos didácticos empregados pola APLU nas sesións co alumnado, co obxecto de facilitar a súa continuación e implantación nos centros, reforzando a labor de acompañamento e apoio ao profesorado.

Para as actividades desenvolvidas pola APLU elaborarase unha breve guía de seguimento para remitir aos centros seleccionados, co obxecto de facilitar a implantación desta actividade nos mesmos entendéndose incluída dentro dos traballos de organización do COAG, debendo esta consensuarse coa APLU.

De consideralo necesario para o axeitado desenvolvemento das actividades complementarias, as mesmas poderán incluír a produción e envío de material para a actividade, gastos de traslados dos docentes, edición de materiais divulgativos e creación de recursos dixitais ou de programación, entre outros, de apoio ou necesarias para o adecuado desenvolvemento das actividades programadas.

- Concursos relacionados coa paisaxe e a ordenación do territorio, entre outros o concurso de debuxo, pintura e fotografía "*Amosando e protexendo o noso territorio*".

4.- Manter a presenza do ProxectoTERRA dentro do *Plan Sinerxía* da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, priorizando a participación dos centros seleccionados na convocatoria de *Sinerxía* na oferta das actividades complementarias.

5.- Potenciar o programa de formación continua da cidadanía (XEL) co obxectivo de presentar as reflexións multidisciplinares sobre os lugares que habitamos, esencial para acadar unha mellor implicación da cidadanía na calidade da construción dos espazos que habitamos ao servizo dunha mellor calidade de vida, incidindo nun mellor coñecemento e respecto da nosa ordenación urbanística. O programa configúrase como un espazo de encontro, aprendizaxe e debate que contribúa a mellorar o coñecemento, a valoración e o coidado do territorio, da paisaxe e dos lugares habitados, favorecendo unha maior implicación da cidadanía nos procesos que condicionan a calidade do medio no que vive e, en consecuencia, a súa calidade de vida, mediante a colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

As actuacións previstas no marco do programa XEL poderán contar coa colaboración de profesionais na participación en congresos, seminarios, conferencias e outras

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
A CONSELLEIRA

actividades de carácter profesional destinadas á presentación e difusión das reflexións e contidos vinculados ao programa.

6.- Establecer conxuntamente coa Xunta de Galicia unha estratexia de comunicación para mellorar a visibilización e participación de ProxectoTERRA en espazos, redes, colectivos, encontros e congresos nacionais e internacionais vencellados co obxecto do ProxectoTERRA e as súas áreas de interese.

Difundir e divulgar, con carácter previo e posterior, todas as actividades e contidos do ProxectoTERRA a través das principais canles de difusión, espazos, colectivos e redes sociais, de acordo co plan de comunicación conxunto que a tal efecto se valide e aprobe na comisión de seguimento deste convenio, o cal deberá garantir a visibilidade fronte á sociedade do traballo desenvolvido dende ProxectoTERRA, e dar soporte á difusión dos contidos propostos.

SEGUNDA.- CUSTO DO CONVENIO

O custo total estimado das execucións previstas neste convenio é de **catrocentos trinta e sete mil euros (437.000,00 €),** distribuídos nas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE/€
2026	74.700 €
2027	222.000,00 €
2028	140.300,00 €
TOTAL	**437.000,00 €**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
A CONSELLEIRA

TERCEIRA.- OBRIGAS DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia asume as seguintes obrigas:

1.- Asumir a organización da programación do «ProxectoTERRA», titularidade do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, conforme ao previsto na cláusula PRIMEIRA.

2.- Contribuír con unha achega de **corenta e tres mil setecentos euros (43.700,00€),** equivalente ao **10%** do custo das actuacións, nas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE/€
2026	7.700,00 €
2027	22.000,00 €
2028	14.000,00 €
TOTAL	**43.700,00 €**

Indicar que a participación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia na execución do Convenio comprende tamén a aportación de medios propios, persoais e materiais, no desenvolvemento das actividades de proxecto Terra, aportación valorada estimativamente na contía de **sete mil novecentos vinte catro euros (7.924€),** en base ás horas invertidas polo persoal de secretaría, finanzas, informática, comunicación, etc.

3.- Coordinar e xestionar o envío de todos os recursos elaborados a todos os centros educativos de Galicia que participen nas actividades do ProxectoTERRA, asumindo así mesmo os labores de organización, xestión e difusión das actividades complementarias.

4.- Garantir a difusión, publicidade e divulgación do ProxectoTERRA con suxeción ao Plan de Comunicación validado e aprobado pola Comisión de Seguimento nos termos expostos no punto sexto da cláusula primeira do presente convenio, asumindo tanto a produción e elaboración de contidos como a propia publicación.

5.- O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, como titular do ProxectoTERRA, poderá asinar outros convenios de colaboración con outras entidades públicas e/ou privadas, relativos ao ProxectoTERRA, sempre que non teñan un obxecto coincidente co do presente convenio nin supoñan unha sobrefinanciación.

6.- Así mesmo, para o desenvolvemento do obxecto, cando se deba realizar o traballo nas oficinas públicas, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia nomeará unha persoa encargada do mesmo, que dirixirá e organizará a actividade das persoas traballadoras do mesmo alí destacadas, controlando, ademais, a execución do servizo, canalizándose a través de tal encargada as posibles incidencias que se formulen na execución dos traballos. Esta persoa encargada será a responsable da vixilancia do horario de traballo das persoas traballadoras, das licencias horarias, permisos ou

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
A CONSELLEIRA

calquera outra manifestación das facultades que lle sexan inherentes como empregadora.

CUARTA.- OBRIGAS DA XUNTA DE GALICIA

En razón das prestacións deste convenio, a Xunta de Galicia asume as seguintes obrigas:

1.- Colaborar na organización da programación do «ProxectoTERRA», titularidade do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, conforme ao previsto na cláusula PRIMEIRA.

2.- Aportar, como máximo, a cantidade **trescentos noventa e tres mil trescentos euros (393.300,00€),** equivalente ao **90%** do custo estimado das actuacións, distribuída do seguinte xeito:

a) **Cento trinta e seis mil trescentos euros (136.300,00 €)** con cargo á aplicación orzamentaria **11.03.521A.640.1** dos Orzamentos da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, nas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE/€
2026	27.000,00 €
2027	68.000,00 €
2028	41.300,00 €
TOTAL	**136.300,00 €**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
A CONSELLEIRA

b) **Cento oitenta mil euros (180.000,00 €)** con cargo á aplicación orzamentaria 11.82.521A.640.01 dos Orzamentos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, nas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE/€
2026	30.000,00 €

2027	90.000,00€
2028	60.000,00€
TOTAL	**180.000,00 €**

Indicar que a participación da Axencia da Protección da Legalidade Urbanística na execución do Convenio comprende tamén a aportación de medios propios, persoais e materiais, no desenvolvemento da actividade complementaria *"Eu son inspector@ urbanístic@. Coida do territorio. Coida do teu"*, aportación valorada estimativamente na contía de **nove mil oitocentos noventa e seis euros con dous céntimos (9.896,02€)**, tal e como se xustifica na memoria económica, en base ás horas invertidas polo persoal inspector da na preparación e execución de dita actividade.

O 25% da aportación realizada pola APLU, será destinada a actividades na que persoal deste organismo participe activamente, tanto en actividades propias como doutros organismos ou entidades colaboradoras.

c) **Setenta e sete mil euros** (77.000€) con cargo á aplicación orzamentaria 07.03.423B.640.4 dos Orzamentos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, nas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE/€
2026	10.000, 00 €
2027	42.000,00 €
2028	25.000, 00 €
TOTAL	**77.000,00 €**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
A CONSELLEIRA

A participación da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional na execución do Convenio comprende tamén a aportación de medios propios, persoais e materiais, no desenvolvemento da actuación de avaliación da presenza e utilización dos recursos educativos do ProxectoTERRA en cada unha das etapas educativas, aportación valorada estimativamente na contía de tres mil euros (3.000, 00 €) tal e como se xustifica na memoria económica do convenio.

3.- Nas accións formativas que desenvolva a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, e nas que teña cabida, darase a coñecer o ProxectoTERRA para fomentar a súa difusión e divulgación, nos termos expostos no punto sexto da cláusula primeira do presente Convenio.

4.- Facilitar ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, se fose o caso, información documental e estatística obrante nas súas dependencias e que considere necesaria para a actualización do ProxectoTERRA.

5.- A Xunta de Galicia, a través da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional participará activamente nas accións de concienciación ao tempo que proporá accións formativas, divulgativas e de sensibilización na utilización racional do solo e da protección da paisaxe, e asistirá e participará en charlas e reunións que se realicen nos centros educativos.

Particularmente, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística colaborará na organización da actividade complementaria denominada *"Eu son inspector@ urbanístic@. Coida do territorio. Coida do teu"*, o concurso de debuxo, pintura e fotografía *"Amosando e protexendo o noso territorio"*, e todas aquelas outras novas actividades formativas, divulgativas e sensibilización que desenvolvan dentro do obxecto deste convenio de colaboración.

6.- A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e, en concreto, do Servizo de Innovación e Programas Educativos, amparará a incorporación do ProxectoTERRA dentro do Plan Sinerxía, facilitando a inscrición dos centros docentes a través da oportuna resolución de convocatoria e poñendo á disposición da persoa responsable da coordinación do ProxectoTERRA as ferramentas para o control, seguimento e avaliación dos proxectos admitidos.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
A CONSELLEIRA

Igualmente, a través do Servizo de Programas de Formación da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, certificará as actividades formativas dirixidas ás/aos docentes participantes segundo o estipulado na Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia ou norma que a substitúa, en desenvolvemento do Decreto 75/2025, do 4 de agosto.

7.- Facerlle os libramentos ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, segundo as cantidades establecidas en cada anualidade á entrega dos traballos, obxecto do presente acordo, segundo as fases de aboamento e condicións que se establecen de seguido:

A).- Anualidade 2026:

Aboaranse **sesenta e sete mil euros, IVE incluído (67.000,00€),** contra a conta xustificativa achegada e certificada polo órgano competente para elo, por parte do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, e que incluirá copia autenticada das facturas e xustificantes de gastos aos que faga referencia a indicada certificación, correspondentes ao 90% do custo dos traballos xerados polo ProxectoTERRA.

A certificación conterá gastos relativos á renovación, ampliación e difusión dos contidos do Proxecto, á organización e difusión de actividades, á organización de xornadas de formación, á divulgación de recursos e documentos, así como ao mantemento dos medios de difusión do ProxectoTERRA no mundo educativo (web, comunicacións co profesorado, presenza no *Plan Sinerxía*), sendo imprescindible que as facturas e demais xustificantes de gasto que se presente como parte da conta xustificativa conteñan unha descrición detallada do obxecto facturado/liquidado con expresa referencia ao ProxectoTERRA e o período do Convenio ao que corresponde.

A conta xustificativa presentarase ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, e o aboamento producirase logo da aceptación e conformidade da documentación xustificativa presentada, pola citada secretaría xeral técnica, pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e pola Axencia da Protección da Legalidade Urbanística.

A data límite para a presentación da documentación xustificativa correspondente á anualidade 2026 será o **15 de decembro de 2026.**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
A CONSELLEIRA

B).- Anualidade de 2027:

Aboaranse **douscentos mil euros, IVE incluído (200.000,00€),** contra a conta xustificativa achegada e certificada polo órgano competente para elo, por parte do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, e que incluirá copia autenticada das facturas e xustificantes de gastos aos que faga referencia a indicada certificación, correspondentes ao 90% do custo dos traballos xerados polo ProxectoTERRA.

A certificación conterá gastos relativos á renovación, ampliación e difusión dos contidos do Proxecto, á organización e difusión de actividades, á organización de xornadas de formación, á divulgación de recursos e documentos, así como ao mantemento dos medios de difusión do ProxectoTERRA no mundo educativo (web, comunicacións co profesorado, presenza no Plan *Sinerxía*), sendo imprescindible que

as facturas e demais xustificantes de gasto que se presente como parte da conta xustificativa conteñan unha descrición detallada do obxecto facturado/liquidado con expresa referencia ao ProxectoTERRA e o período do Convenio ao que corresponde.

A conta xustificativa presentarase ante Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, e o aboamento producirase logo da aceptación e conformidade da documentación xustificativa presentada, pola citada secretaría xeral técnica, pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e pola Axencia da Protección da Legalidade Urbanística.

A data límite para a presentación da documentación xustificativa correspondente á anualidade 2027 será o **15 de decembro de 2027**, podendo facerse liquidacións trimestrais.

C).- Anualidade de 2028:

Aboaranse **cento vinte e seis mil trescentos euros, IVE incluído (126.300,00€),** contra a conta xustificativa achegada e certificada polo órgano competente para elo, por parte do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, e que incluirá copia autenticada das facturas e xustificantes de gastos aos que faga referencia a indicada certificación, correspondentes ao 90% do custo dos traballos xerados polo ProxectoTERRA.

A certificación conterá gastos relativos á renovación, ampliación e difusión dos contidos do Proxecto, á organización e difusión de actividades, á organización de xornadas de formación, á divulgación de recursos e documentos, así como ao mantemento dos medios de difusión do ProxectoTERRA no mundo educativo (web, comunicacións co profesorado, presenza no Plan Sinerxía), sendo imprescindible que as facturas e demais xustificantes de gasto que se presente como parte da conta xustificativa conteñan unha descrición detallada do obxecto facturado/liquidado con expresa referencia ao ProxectoTERRA e o período do Convenio ao que corresponde.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
A CONSELLEIRA

A conta xustificativa presentarase ante Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, e o aboamento producirase logo da aceptación e conformidade da documentación xustificativa presentada, pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e pola Axencia da Protección da Legalidade Urbanística.

A data límite para a presentación da documentación xustificativa correspondente á anualidade 2028 será o **15 de agosto de 2028.**

Na anualidade 2028 tamén se permitirán liquidacións trimestrais.

D).- Pagos a conta

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia poderá presentar solicitudes de pagos parciais con cargo ás partidas comprometidas anualmente pola Xunta de Galicia na medida que se produzan cumprimentos de obxectivos parciais xustificados mediante unha memoria na que se acrediten ditos cumprimentos, xunto coas facturas e transferencias bancarias que xustifiquen os gastos relacionados con eles.

E) Inexistencia de beneficio.

En todo caso, as cantidades aboadas serano para o pago dos gastos que se xustifiquen sen que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia obteña beneficio ou lucro industrial algún.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento, vixilancia e control composta polos seguintes membros: a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ou persoa en quen delegue, pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas; a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa ou persoa en que delegue, pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional; a persoa titular da dirección da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, ou persoa en quen delegue, pola citada Axencia; e polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia a persoa titular do decanato-presidencia ou persoa en quen delegue, e a persoa coordinadora do ProxectoTERRA. Dita comisión actuará como mecanismo conxunto de plena efectividade e reunirase a petición dunha das partes.

No seo desta comisión concretarase o contido e determinarase a finalidade perseguida para cada unha das liña recollidas no programa de actuación, adoptaranse os acordos precisos para dar resposta ás incidencias que xurdan durante a execución do convenio, e validarase e aprobarase o plan de comunicación conxunto, así como a incorporación de recursos aos que se refiren os puntos sexto e primeiro da cláusula primeira, respectivamente.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
A CONSELLEIRA

Con carácter ordinario, a comisión de seguimento reunirase dentro do mes anterior ao de inicio de cada trimestre có fin de avaliar as incidencias xurdidas durante a execución do ProxectoTERRA no trimestre anterior, así como para concretar os termos nos que deberá executarse durante os seguintes trimestres a programación establecida na cláusula primeira do convenio.

Con carácter extraordinario, no ano de inicio de vixencia do convenio a comisión de seguimento reunirase dentro dos 30 días seguintes á data de sinatura do convenio.

Dos acordos adoptados deberá deixarse constancia mediante acta.

SEXTA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten carácter administrativo e rexerase polo establecido nas súas cláusulas, no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991, así como na lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A exclusión deste convenio do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade co disposto no seu artigo 6.2, non impide a aplicación dos principios recollidos na citada lei, para resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse, tal e como establece o seu artigo 4.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións litixiosas que puidesen xurdir na súa aplicación.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
A CONSELLERA

SÉTIMA.- RELACIÓNS LABORAIS

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente Convenio.

OITAVA. - MODIFICACIÓN, DENUNCIA E CAUSAS DE RESOLUCIÓN

As partes poderán modificar este convenio en calquera momento por mutuo acordo.

Así mesmo, poderán denunciar este convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, polo transcurso do prazo de vixencia e pola concorrencia dalgunha das seguintes causas de resolución:

a) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
b) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgunha das partes asinantes: neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que considere incumpridos. Este requirimento comunicarase á comisión de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o indicado prazo, persistise o incumprimento, a parte que o formulou, notificará ás partes asinantes a concorrerencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio, con posibilidade de indemnizar os prexuízos causados.
c) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
d) Calquera outra prevista na normativa vixente.

NOVENA.- RESULTADOS CONXUNTOS

Cos resultados como consecuencia das actuacións previstas neste convenio de colaboración, elaborarase un catálogo e diverso material promocional, continuando na dinámica xa implementada en anos anteriores coa participación activa da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, que serán de uso e titularidade común de ambas partes asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada por ambas partes, porén a Administración Xeral da Comunidade Autónoma, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos, materiais e manuais, informes e conclusións que se deriven da participación no presente proxecto. En todo caso nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución desta campaña farase sempre referencia ao presente convenio.

DÉCIMA.- TRANSPARENCIA E INFORMACIÓN BÁSICA EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para engadir e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto).

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
A CONSELLERA

As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e mailo resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes asinantes manifestan que coñecen e que cumprirán as estipulacións relativas á protección de datos persoais establecidas no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes adoptarán as medidas de seguridade precisas para que toda persoa que interveña na organización e o desenvolvemento das actividades formativas derivadas deste convenio:

1º Respecten o deber de confidencialidade en relación cos datos persoais que sexan manexados no exercicio das competencias derivadas deste convenio.

2º Se limite na medida do posible o acceso aos datos de carácter persoal.

3º Se traten os datos persoais exclusivamente para a finalidade prevista neste convenio.

Así mesmo, as partes asumen a obriga de non ceder os datos de carácter persoal a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
A CONSELLEIRA

UNDÉCIMA.-VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura por todas as partes asinantes, estendendo a súa vixencia ata o **31 de agosto de 2028**, sen prexuízo da autonomía da vontade das partes asinantes para efectuar addendas ao mesmo.

DUODÉCIMA.- NOTIFICACIÓNS ELECTRÓNICAS

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administración públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (https://notifica.xunta.gal). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con iso ás Administracións que representan, asinan o presente acordo na data sinalada.

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
A CONSELLEIRA

María Martínez Allegue

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Román Rodríguez Gonzalez

A directora da Axencia Galega de Protección da Legalidade Urbanística

María Victoria Núñez López

O decano-presidente do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

Luciano González Alfaya